

PONTE VERÁN



2024



Concello
de Pontevedra

xuventude.pontevedra.gal

CAMPAMENTOS

CAMPAMENTO DE COCIÑA "SABOREA O VERÁN!"

(13-14 anos- nac 2010-2011) 1-5 xullo

CAMPAMENTO URBANO "XOGANDO COA MÚSICA"

(8-12 anos- nac 2012-2016) 1-10 xullo

CAMPAMENTO URBANO "PROCURANDO O TESOURO: RELIQUIAS BOTÁNICAS"

(8-12 anos- nac 2012-2016) 15-19 xullo

CAMPAMENTO URBANO "TEATREIRXS: DESEÑANDO A NOSA COMPAÑÍA DE TEATRO"

(8-12 anos- nac 2012-2016) 22, 23, 24, 26 e 29 xullo

CAMPAMENTO AMBIENTAL "ECOEXPLORANDO PONTEVEDRA"

(8-12 anos- nac 2012-2016) 22, 23, 24, 29, 30 e 31 xullo

MINICAMPAMENTO "REGRESO Á PREHISTORIA. REGRESO Á NATUREZA"

(11-14 anos- nac 2010-2013) 31 xullo, 1 e 2 agosto

OBRADOIROS CULTURAIS E ARTÍSTICOS

OBRADOIRO MUSICAL "A FÁBRICA DE SINGLES"

(13-14 anos- nac 2010-2011) 15-19 xullo

OBRADOIRO DE PINTURA E MURAL COLECTIVO "A CIDADE QUE SOÑAMOS E QUE HABITAMOS"

(14-35 anos) 16, 18, 22, 24 e 26 xullo

CURSO DE ATURUXO CON PABLO CARPINTERO

(+ 12 anos) 27 xullo

NATUREZA, DEPORTE E AIRE LIBRE

1º CURSO DE INICIACIÓN AO PIRAGÜISMO EN PONTE SAMPAIO

(9-15 anos- nac 2009-2015) 3, 5, 10 e 12 xullo

2º CURSO DE INICIACIÓN AO PIRAGÜISMO EN PONTE SAMPAIO

(9-15 anos- nac 2009-2015) 17, 19, 24 e 26 xullo

1º DENDROCRONOLOXÍA: AS HISTORIAS QUE CONTAN OS ANEIS DAS ÁRBORES

(desde 8 anos) 13 xullo

2º DENDROCRONOLOXÍA: AS HISTORIAS QUE CONTAN OS ANEIS DAS ÁRBORES

(desde 8 anos) 20 xullo

EXCURSIÓN DE HUMOR AMARELO E XINCANA NO MUSEO DO MAR

(13-17 anos- nac 2007-2011) 30 xullo

RUTA EN CAIAC E PADDLE SURF POLO LÉREZ

(18-35 anos) 3 agosto

OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA NO OBSERVATORIO DE COTOBADE

(18-35 anos) 2 agosto

OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA NO MIRADOIRO DO VERDUGO

(desde 10 anos) 23 agosto

XORNADA DE ORIENTACIÓN NO CENTRO HISTÓRICO

(todos os públicos) 24 agosto

CELEBRACIÓN DA NOITE EUROPEA DOS MORCEGOS

(desde 8 anos) 31 agosto

AULA DE INFORMÁTICA

INFORMÁTICA: LIBRE OFFICE

(14-35 anos) MA-MÉ-XO do 2 xullo ao 1 agosto

INFORMÁTICA: INTRODUCCIÓN Á INTELIXENCIA ARTIFICIAL

(14-35 anos) MA-MÉ-XO do 6 ao 29 agosto

CAMPAMENTOS

CAMPAMENTO DE COCIÑA "SABOREA O VERÁN!"

Gústache cocinar? Queres aprender a comer ben, de forma saudable e tamén divertida? Sesiões de repostaría, de nutrición, saídas a restaurantes, ao mercado, xogos, visitas de cociñeirxs, etc.


IDADES: 13- 14 anos (nac 2010-2011)

DATAS: 1-5 xullo

HORARIO: 09.30 a 13.30

LUGAR: Casa Azul

IMPARTE: Reviravolta



CAMPAMENTO URBANO "XOGANDO COA MÚSICA"

Obradoiro musical onde aprenderás a cantar en coro e xogaremos con diferentes instrumentos, ademais de coñecer a historia da música e a diferentes compositorxs.

IDADES: 8- 12 anos (nac 2012-2016)

DATAS: de luns a venres, 1-10 xullo

HORARIO: 10.00 a 14.00

LUGAR: Local de Música

IMPARTE: Bonnie Cooper

CAMPAMENTO URBANO "PROCURANDO O TESOURO: RELIQUIAS BOTÁNICAS"

Coñece as especies de árbores da nosa contorna e a súa importancia ecolóxica. Camiñadas e actividades fotográficas e plásticas.

IDADES: 8- 12 anos (nac 2012-2016)

DATAS: 15-19 xullo

HORARIO: 09.30 a 13.30

LUGAR: espazos ao aire libre da cidade e Casa Azul

IMPARTE: Reviravolta

CAMPAMENTO URBANO "TEATREIRXS: DESEÑANDO A NOSA COMPAÑÍA DE TEATRO"

Coñece a realidade do teatro: interpretar, xogar, crear, improvisar, imaxinar, expresar...

IDADES: 8- 12 anos (nac 2012-2016)

DATAS: de luns a venres, do 22 ao 29 xullo (agás o 25)

HORARIO: 09.30 a 13.30

LUGAR: Local de Música

IMPARTE: Leucoíña pasea, roteiros e actividades

CAMPAMENTO AMBIENTAL "ECOEXPLORANDO PONTEVEDRA"

Aprenderás e gozarás dos espazos naturais máis próximos á nosa cidade. Excursións, xogos e obradoiros de contido ambiental e ao aire libre.

IDADES: 8- 12 anos (nac 2012-2016)

DATAS: de luns a mércores, 22, 23, 24, 29, 30 e 31 xullo

HORARIO: 09.00 a 14.00

LUGAR: Casa da Cultura de Lérez

IMPARTE: Asociación Alados Medioambiente

MINICAMPAMENTO "REGRESO Á PREHISTORIA. REGRESO Á NATUREZA"

Programación de lecer na natureza con pernocta. Tres días de estancia nunha contorna natural onde gozar dunha experiencia de inmersión aos modos de vida da prehistoria.

IDADES: 11- 14 anos (nac 2010-2013)

DATAS: 31 xullo, 1 e 2 agosto

LUGAR: Parque Etnoarqueolóxico do Outeiro das Mouras

IMPARTE: AB ORIGINE Antropoloxía, Produción e Xestión Cultural

AVISO: alimentación omnívora e non apto para mobilidade reducida. Darase prioridade á rapazada que non participara nesta actividade nos anos anteriores.

OBRADOIROS CULTURAIS E ARTÍSTICOS



OBRADOIRO MUSICAL "A FÁBRICA DE SINGLES"

Factoría musical de creación e lanzamento de artistas musicais, ao puro estilo dun "Motown" revisitado do s. XXI, incluíndo as redes sociais e co protagonismo dos videoclips ao estilo MTV.

PRAZAS: 12

IDADES: 13-14 anos (nacemento 2010-2011)

DATAS: 15-19 xullo

HORARIO: 10.00-14.00

LUGAR: Local de Música

IMPARTE: Estudio Bonobo

OBRADOIRO DE PINTURA E MURAL COLECTIVO "A CIDADE QUE SOÑAMOS E QUE HABITAMOS"

Deseñaremos un mural colectivo dende o bosquejo ata plasmalo na realidade. Levaremos a nosa creación ás paredes do Local de Música, un espazo dedicado á arte e situado nunha zona de tránsito constante de xente que chega á nosa cidade a través da estación de tren.

PRAZAS: 10

IDADES: 14-35 anos

DATAS: 16 e 18 de xullo, dinámicas creativas en Reclamo Estudio. 22, 24 e 26 de xullo, práctica no mural do Local de Música

HORARIO: 11.00-13.00 as 2 primeiras xornadas. 10.00-14.00 as xornadas prácticas.

LUGAR: Reclamo Estudio e Local de Música

IMPARTE: Javier Carrera

CURSO DE ATURUXO CON PABLO CARPINTERO

O aturuxo é un berro característico do folclore galego, emitido polo público ou polos músicos no decurso dunha peza musical. É típico de seráns, romarías, foliadas, e de calquera tipo de xuntanza festiva, chega a converterse nun indicador do espírito festeiro dos presentes. Aprenderás como e cando botar un bo aturuxo.

PRAZAS: 25

IDADES: desde 12 anos (menores acompañadxs)


DATA: sábado 27 xullo

HORARIO: 11.00-13.00


LUGAR: Local de Música

IMPARTE: Pablo Carpintero

PROMOVE: Os Chichisos



NATUREZA, DEPORTE E AIRE LIBRE



1º CURSO DE INICIACIÓN AO PIRAGÜISMO EN PONTE SAMPAIO

Achegamento a esta actividade deportiva e recreativa onde aprenderedes a técnica elemental por medio de xogos, natación e nocións teóricas de seguridade.

PRAZAS: 10

IDADES: 9- 15 anos (2009-2015)

DATAS: 3, 5, 10 e 12 xullo

HORARIO: 11.00-13.00

LUGAR: praia fluvial da Xunqueira en Ponte Sampaio

IMPARTE: club de piragüismo Río Verdugo

REQUISITO: imprescindible saber nadar

AVISO: o desprazamento ata o lugar da actividade correrá por conta de cada participante.

2º CURSO DE INICIACIÓN AO PIRAGÜISMO EN PONTE SAMPAIO

Achegamento a esta actividade deportiva e recreativa onde aprenderedes a técnica elemental por medio de xogos, natación e nocións teóricas de seguridade.

PRAZAS: 10

IDADES: 9- 15 anos (2009-2015)

DATAS: 17, 19, 24 e 26 xullo

HORARIO: 11.00-13.00

LUGAR: praia fluvial da Xunqueira en Ponte Sampaio

IMPARTE: club de piragüismo Río Verdugo

REQUISITO: imprescindible saber nadar

AVISO: o desprazamento ata o lugar da actividade correrá por conta de cada participante.

1º DENDROCRONOLOXÍA: AS HISTORIAS QUE CONTAN OS ANEIS DAS ÁRBORES

Achegamento á disciplina que permite extraer información dos aneis de crecemento das árbores.

PRAZAS: 25

IDADES: desde 8 anos (menores apuntaranse con algunha persoa adulta acompañante)

DATA: sábado 13 xullo

HORARIO: 10.00 – 12.00

LUGAR: A Ponte da Condesea

IMPARTE: Manuel Souto Herrero, especialista en dendrocronoloxía

2º DENDROCRONOLOXÍA: AS HISTORIAS QUE CONTAN OS ANEIS DAS ÁRBORES

Achegamento á disciplina que permite extraer información dos aneis de crecemento das árbores.

PRAZAS: 25

IDADES: desde 8 anos (menores apuntaranse con algunha persoa adulta acompañante)

DATA: sábado 20 xullo

HORARIO: 10.00 – 12.00

LUGAR: A Ponte da Condesea

IMPARTE: Manuel Souto Herrero, especialista en dendrocronoloxía

EXCURSIÓN DE HUMOR AMARELO E XINCANA NO MUSEO DO MAR

Xornada divertida no Parque de Humor Amarelo para participar nas probas do circuito Abunai, para logo coñecer o Museo do Mar, gozando dun xogo de pistas.

PRAZAS: 42

IDADES: 13-17 anos, nacemento 2007-2011

DATA: 30 xullo

HORARIO: 10.00-20.00

LUGAR: Parque de Humor Amarelo e Museo do Mar

IMPARTE: Risotadas

AVISO: o desprazamento ata o lugar da actividade está incluído

ruta en caiac e paddle surf polo Lérez (iniciación)

Achegamento a esta actividade deportiva e recreativa onde aprenderedes a técnica elemental por medio de xogos, pequena ruta guiada e nocións básicas de seguridade.

PRAZAS: 20

IDADES: 18- 35 anos

DATA: 3 agosto

HORARIO: 10.30-13.00

LUGAR: praia fluvial do Lérez

IMPARTE: Marexada. Deporte, Lecer e Cultura

AVISO: requisito imprescindible saber nadar

OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA NO OBSERVATORIO DE COTOBADE

Veremos obxectos do ceo profundo a través do telescopio da cúpula do observatorio, así como doutros que instalaremos no exterior.

PRAZAS: 40

IDADES: 18-35 anos

DATA: 2 agosto

HORARIO: 22.30-00.30

LUGAR: exterior do observatorio astronómico de Cotobade

IMPARTE: asociación astronómica Sirio de Pontevedra

AVISO: o desprazamento das persoas inscritas ata o lugar realizarase en autobús

OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA NO MIRADOIRO DO VERDUGO

Orientarémonos no ceo con telescopios e prismáticos dende un lugar con pouca contaminación lumínica para gozar da lúa, os meteoros das Perseidas, dun esplendoroso Saturno e doutros obxectos celestes.

PRAZAS: 35

IDADES: desde 10 anos (menores inscribíranse con algunha persoa adulta acompañante)

DATA: 23 agosto

HORARIO: 22.00 - 01.00

LUGAR: miradoiro do río Verdugo en Aguasantas (Cotobade)

IMPARTE: agrupación astronómica Rías Baixas

AVISO: o desprazamento das persoas inscritas ata o lugar realizarase en autobús

XORNADA DE ORIENTACIÓN NO CENTRO HISTÓRICO

Coñeceremos o material e seguridade, para logo saír á rúa a poñer en práctica todo o aprendido. Os percorridos poderanse facer de maneira individual ou por equipos.

PRAZAS: 200

IDADES: todos os públicos, desde 5 anos (menores deberán inscribirse con algunha persoa adulta)

DATA: 24 agosto

HORARIO: 19.00-24.00

LUGAR: Centro Histórico. Saída: praza do Concello

IMPARTE: Aromon Pontevedra- Montañeiros A Roelo

CELEBRACIÓN DA NOITE EUROPEA DOS MORCEGOS

Máis un ano compartiremos esta xornada con especialistas do estudo destes mamíferos tan misteriosos. Desmitificaremos falsas lendas que se lles atribúen e escoitarémolos por medio de aparatos de ultrasón.

PRAZAS: 25

IDADES: desde 8 anos (menores deberán inscribirse con algunha persoa adulta acompañante)

DATA: sábado 31 agosto

HORARIO: 21.00 – 23.00

LUGAR: senda rural do río dos Gafos

IMPARTE: Morcegos de Galicia

PROMOVE: Vaipolorío



AULA DE INFORMÁTICA

INFORMÁTICA: LIBRE OFFICE

Writer, Calc, Impress e Draw.

PRAZAS: 18

IDADES: 14-35 anos

DATAS: martes-mércores e xoves do 2 xullo ao 1 agosto

HORARIO: 12.00-13.30

LUGAR: aula municipal de informática da Casa Azul

INFORMÁTICA: INTRODUCCIÓN Á INTELIXENCIA ARTIFICIAL

Introducirémonos no mundo da intelixencia artificial.

PRAZAS: 18

IDADES: 14-35 anos

DATAS: martes-mércores e xoves do 6 ao 29 agosto

HORARIO: 12.00-13.30

LUGAR: aula municipal de informática da Casa Azul



A QUEN VAI DIRIXIDO

Preferentemente á mocidade do municipio de Pontevedra. No caso de non se cubriren as prazas, optarán persoas doutros concellos (terán preferencia os concellos limítrofes) e doutras idades a través das correspondentes **listaxes de agarda**.

ACTIVIDADES DE BALDE

Todas as actividades son **GRATUÍTAS** polo que pedimos o voso compromiso coa asistencia.

SOLICITUDES

A través dos formularios en liña a partir do **3 de xuño**. Pincha no QR.

Cando se esgote o número máximo de solicitudes por actividade, o formulario pecharase e avisarase ás persoas admitidas para que formalicen a inscrición coa achega da documentación necesaria, ou para o sorteo de prazas (no caso de ser necesario). Posteriormente xestionarase a lista de agarda de cada actividade coas prazas que vaian quedando vacantes.

INFORMACIÓN E SOLICITUDES

Oficina Municipal de Xuventude do Concello de Pontevedra

De luns a venres de 09.00 a 14.00

Casa da Luz, praza da Verdura, s/n, tel. 986 840367

xuventude@pontevedra.gal

